

PROXECTAS EN GALEGO?

BASES DO MINIPREMIO AOS PROXECTOS EN GALEGO Curso 2021-2022

1. Modalidade de participación.

A presente convocatoria de *Proxectas en galego?* recoñecerá os Proxectos desenvolvidos en lingua galega polo alumnado no Módulo de Proxecto dos distintos ciclos formativos de grao superior impartidos no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto no curso 2021-2022.

2. Características.

Os Proxectos presentados cumprirán as seguintes características:

- O Proxecto estará redactado e presentado oralmente en lingua galega e amosará coidado e calidade no uso da lingua galega.
- O Proxecto terá unha cualificación igual ou superior a 5 por parte do Equipo docente para poder presentarse a este recoñecemento.
- O alumnado participante autoriza a utilización do título do Proxecto, así como a información sobre a autoría e o ciclo formativo cursado para a súa difusión con fins educativos e de dinamización da lingua galega.

3. Persoas participantes.

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado de ciclos formativos de grao superior do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto matriculado no Módulo de Proxecto en calquera dos trimestres do curso 2021-2022.

4. Forma de presentación da candidatura ao premio aos Proxectos en galego.

As persoas candidatas ao Minipremio enviarán ao enderezo electrónico edlg@cifpanxelcasal.es os seguintes datos:

- Título do Proxecto.
- Nome e apelidos das persoas autoras do Proxecto.
- Teléfonos de contacto de todas as persoas do grupo.
- Enderezos electrónicos de contacto de todas as persoas do grupo.
- Copia do boletín de notas ou copia da certificación académica.
- Nome do profesor/a titor/a do Proxecto.

5. Datas de presentación.

O correo electrónico cos datos para participar neste Minipremio enviarase no prazo de 5 días contados a partir do día seguinte á data establecida polo CIFP Ánxel Casal-Monte Alto para a entrega de notas de cada un dos trimestres do curso 2021-2022.

6. Equipo de valoración.

- Haberá un único Proxecto premiado en cada trimestre do curso.
- As persoas responsables de realizar os sorteos entre os Proxectos que cumpran os requisitos serán as seguintes:
 - Unha persoa do Equipo directivo do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto, e
 - As persoas que forman o Equipo de dinamización da lingua galega no presente curso.

7. Mención e Minipremio.

- A mención do Proxecto premiado publicárase nas vitrinas do centro, na páxina *web* e nas redes sociais do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.
- O Minipremio para o Proxecto elixido consistirá nun agasallo individual dunha experiencia a elixir (spa, masaxe, tapeo, tirolinas, surf,...) a través dun “cofre de experiencias”. Cada persoa ou persoas autora/s do Proxecto premiado recibirá o seu agasallo individual.

8. Observacións.

- Soamente poderán presentarse Proxectos presentados no curso 2021-2022.
- Co feito de participar neste Minipremio, as persoas autoras dos Proxectos autorizan á publicación dos títulos e da autoría dos mesmos nas vitrinas do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto e nas súas redes sociais.
- A participación neste Minipremio implica a total aceptación das súas bases reguladoras.

Equipo de dinamización da lingua galega
CIFP Ánxel Casal-Monte Alto

A Coruña, 6 de outubro de 2021